

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER. o expediente tramitado de contratación administrativa da obra de urbanización da vía para espazo de mercado tradicional (expediente de contratación nº 2009/34).

CONSIDERANDO as invitacións ás empresas realizadas consonte o Decreto de Alcaldía con data 7 de setembro de 2009.

CONSIDERANDO as proposicións económicas e técnicas presentadas no prazo polos licitadores e valoradas pola mesa de contratación consonte o establecido nos pregos de cláusulas administrativas e técnicas.


LOGO DE VER a proposta da mesa de contratación, o día 29/09/2009, pola que se propón adjudicarlle o contrato á empresa “Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A”, por ser a única e mellor oferta presentada para o Concello de acordo cos criterios de adjudicación.

No uso das facultades que me confire a Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, con esta data **RESOLVO:**

Primeiro.- Adjudicarlle provisionalmente o contrato de obra “Urbanización do vial para espazo de mercado tradicional” a “Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A”, por ser a única oferta presentada á licitación e que responde aos criterios de adjudicación, polo prezo de 160.782,54 euros (IVE incluído).

Segundo.- Proceder á publicación deste acordo no perfil do contratante e notificarlles o presente acordo aos demais licitadores e ao adjudicatario para os efectos de constitución da garantía definitiva dun 5% do prezo global de adjudicación, IVE excluído, e da presentación da documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade co previsto no artigo 135 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, se para acreditar o cumprimento das ditas obrigas se optase inicialmente pola presentación dunha declaración responsable.

Oroso, 2 de outubro de 2009



Manuel Mirás Franqueira

Ante min, secretario



Dalmiro Nunes Méndez